

# Ciclo de Concertos no Conservatorio

## “Vera Quartet”

*Violín: Pedro Rodríguez Rodríguez*

*Violín: Patricia Quintero García*

*Viola: Inés Picado Morales*

*Violoncello: Justin Goldsmith*


75  
*Aniversario*  
CONSERVATORIO  
A CORUÑA



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Conservatorio Profesional de Música da Coruña



CMUS  
PROFESIONAL  
DA CORUÑA

AUDITORIO

Venres 16 de Marzo

ás 19.00h

Curso 2017/2018

## VERA QUARTET

Gañadores do Premio Absoluto na última edición do Plowman Chamber Music Competition, Primeiro Premio no Chamber Music in Yellow Springs Competition e Segundo Premio no M- Prize Chamber Arts Competition 2017, o Vera Quartet é actualmente o cuarteto graduado en residencia na Jacobs School of Music da Universidade de Indiana.

Formado en 2015, o Vera Quartet comezou rapidamente a forxarse unha reputación. Desde o seu inicio estiveron en residencia na Beethovenhaus en Bonn (Alemaña) así como realizado a súa primeira xira internacional por Corea do Sur, actuando en Seoul National University, Kumho Art Hall e Korea National University of the Arts.

Como cuarteto en residencia do Ensemble de Música Contemporánea da Jacobs School of Music durante o curso 2016-2017 baixo a dirección de David Dzubay, o cuarteto colaborou recentemente coa prestixiosa intérprete de pipa Wu Man como parte do China Remix Festival, interpretando o Concerto para cuarteto de corda e pipa de Tan Dun. O Vera Quartet está tamén involucrado en varios proxectos sociais. Participaron na gravación do álbum “ Bloomingsongs” producido pola Jacobs School of Music’s Musical Beginnings e colaboraron coa Musical Arts Youth Organization de Bloomington impartindo clases aos membros da súa Orquestra Xoven.

En xaneiro de 2017, o cuarteto foi convidado a participar no Robert Mann String Quartet Seminar en Nova York e foi tamén un dos cinco artistas seleccionados polo programa radiofónico de NPR “ Performance Today” para pasar unha semana no seu estudo como Novos Artistas en Residencia. O Vera Quartet participou na Residencia de Música de Cámara do Banff Centre (Canadá) e este pasado verán foi un dos cuartetos seleccionados para formar parte do Centro para Estudos Avanzados de Cuarteto no marco do Aspen Music Festival and School (EEUU).

Ademais de traballar regularmente co Pacífica Quartet, o Vera Quartet recibiu consellos de membros de importantes cuartetos como o Juilliard, Brentano, St. Lawrence, Tokyo, American, Mendelssohn, e London Haydn así como de músicos de renome como Atar Arad, Mauricio Fuks e Peter Stumpf.

Os eventos máis destacados desta tempada inclúen o debut do cuarteto en Nova York, no marco da Schneider Concert Series, así como unha xira por España, dentro do ciclo AIE Clásicos en Ruta.



Iª Parte

### **Wolfgang Amadeus Mozart (1756-1791) - Cuarteto de corda n.17 en Si bemol maior K.458, 1784**

- I. Allegro vivace assai
- II. Menuetto and Trio. Moderato
- III. Adagio
- IV. Allegro assai

### **Thomas Adès (1971) - Four Quartets op.28, 2010**

- I. Nightfalls
- II. Morning Dew
- III. Days
- IV. The Twenty-fifth Hour

2ª Parte

### **Felix Mendelssohn (1809-1847) - Cuarteto de corda n.2 op.13 en La menor, 1827**

- I. Adagio – Allegro vivace
- II. Adagio non lento
- III. Intermezzo. Allegretto con moto – Allegro di molto
- IV. Presto – Adagio non lento